


## Europa apoia a inserción laboral

O Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (FEAG) é o instrumento de axuda da Unión Europea a través do cal as persoas traballadoras que perderon o seu posto de traballo como consecuencia de cambios estruturais do impacto da globalización poden atopar outra oportunidade o máis rapidamente posible.



## Novas oportunidades para o emprego

Medidas para a reinserción laboral das persoas do sector naval

[www.empreganav.gal](http://www.empreganav.gal)

[empreganav.emprego.galicia@xunta.gal](mailto:empreganav.emprego.galicia@xunta.gal)

tel. 900 000 000

## Novas oportunidades para o emprego

Medidas para a reinserción laboral das persoas do sector naval

## Peso económico da industria auxiliar do sector naval en Galicia

A industria auxiliar do sector naval en Galicia precisa levar a cabo unha reactivación tras constatarse unha redución do nivel de emprego nos últimos tempos, especialmente nas provincias de Pontevedra e A Coruña.

Por este motivo, para dar resposta a esta situación, requírese a **posta en marcha de medidas** que palíen, dunha maneira rápida e efectiva, o impacto socio-laboral ocasionado no sector e **que faciliten unha reinserción efectiva** das persoas despedidas no menor tempo posible.



## Novas oportunidades laborais para o sector auxiliar naval galego

A Xunta de Galicia, en colaboración coa Unidade Administradora do Fondo Social Europeo (FSE), o apoio dos interlocutores sociais do sector naval, e o **cofinanciamento do Fondo Europeo de Adaptación á Globalización (FEAG)** proporcionan ás persoas beneficiarias medidas activas do mercado laboral que se integran nun conxunto coordinado de servizos personalizados destinados a mellorar a súa empregabilidade.

### Empreganav, asegurando a inserción

Do 13 de agosto do 2020 ao 13 de agosto do 2022, Empreganav creará recursos para fomentar a inserción laboral especificamente orientados ás **persoas desempregadas** provenientes de **pemes da industria auxiliar naval de Galicia**.

No marco do proxecto desenvolverase un **Plan Integrado de Medidas** individualizado para as persoas traballadoras afectadas, de xeito que se lles poida **acompañar persoalmente no proceso que comprende desde o despedimento ata a súa reinserción ao mercado laboral**.



## Actuacións divididas en 6 programas:

### 1 ACOLLIDA E DIAGNOSE INICIAL

Accollida das persoas traballadoras que cumpran os requisitos, co obxectivo de:

- Informarles das **accións que se van levar a cabo e os recursos postos en marcha** para axudarlles no seu proceso de recalificación.
- Realizarlles unha **perfil socio-laboral individual** a través de entrevistas personalizadas.

### 2 MEDIDAS DE SENSIBILIZACIÓN

Obradoiros informativos que servirán de base para **encamiñar a participación das persoas beneficiarias** dentro das accións incluídas no proxecto. Nestes obradoiros, daranse a coñecer: **Novas técnicas e estratexias asociadas á procura activa de emprego; Acreditación da experiencia;** Iniciativas emprendedoras sobre a creación de empresas: **Emprendemento**

### 3 ORIENTACIÓN

Tras o diagnóstico da situación de cada usuario procedese ao asesoramento laboral, sendo o punto de partida a **elaboración dun itinerario personalizado**. En base ás necesidades identificadas de cada usuario, levaranse a cabo sesións de **orientación laboral por conta allea ou en autoemprego**.

### 4 FORMACIÓN

Programa formativo que dotará as persoas traballadoras dunha maior empregabilidade:

1. Formación Transversal
2. Formación en competencias claves
3. Formación en autoemprego
4. Formación de recalificación profesional fóra do sector
5. Formación especializada dentro do sector en puntos de nova empregabilidade como consecuencia de avances tecnolóxicos

### 5 APOIO Á RECOLOCACIÓN E SEGUIMENTO PERSONALIZADO

En base ás necesidades de persoal nas empresas e as novas oportunidades de negocio (autoemprego) xestionaranse ofertas de emprego e posibles aperturas de negocio (**intermediación laboral**). Posteriormente, tras a entrada no mercado laboral farase un seguimento individual a través de **titorías personalizadas** nas que se verificarán as condicións do emprego.

### 6 APOIOS ECONÓMICOS

Incentivos económicos que axudarán a cubrir os gastos nos que poidan incurrir as persoas participantes no plan.

1. Incentivo para a participación activa
2. Axudas para o desprazamento
3. Incentivo para axudar ás persoas emprendedores
4. Incentivo para a inserción por conta allea
5. Incentivo para a conciliación